
TESTEMUÑOS

Coordina: Engracia VIDAL

EXAME DE CONCIENCIA DUN CURA RURAL

Eis o testemuño dun cura rural: «o que fixo por e con un povo, ao que ben quixo, e do que sentiu querido». Comparando o desexo do interesado, silenciámos o seu nome.

A chegada

A aquelas parroquias rurais cheguei hai dez anos e pico. Ninguén me presentou, a ninguén coñecía; ía de "traxe oficial", e fun recoñecido pola pinta. Pero, dado o meu carácter tímido, os primeiros días o meu espírito e a miña moral foron baixando até o chao; paréceme que cheguei á altura en que estaba aquela xente no plano económico: ter e non cair.

Moito pedín a axuda do Ceu, como os labregos a piden; e a min chegoume, non somente por medio da gracia directa, senón tamén polos veciños, que me foron arroupando cuas suas atencións respeitosas.

Púxenme a predicarlles, pois para iso ía; e das cousas que máis lles falaba era do amor e da unidade. Xa eles me decían: "a vostede o que lle interesa é que nos levemos ben e que nos unamos; no demais non é mui esixente".

Claro que con lles decir que se amasen non era abondo, e falarlles da unión sen promovela non daba fruto. E entón recordei o que decían do cura de Ars: "¡cómo nos debe querer Deus se o noso cura tanto nos quer!". Tamén lín nalgún libro que a unión consíguese pensando e facendo xuntos unha cousa. Estas reflexións fixéronme poñerme en acción.

Os comezos

Comecei por amalos, e para iso tiña que coñecerlos, e para coñecerlos tiña que visitalos no seu domicilio. Así fun casa por casa, veciño por veciño, para que soubesen quen era eu, e para eu saber quen eran eles.

Surxiu unha simpatía, logo unha confianza, e ao pouco unha proposta: "Facíanos falta facer...; se vostede nos axudase,

conseguíamolo”. A miña resposta acostumouse a ser como a deles: “Por min que non se perda”. E así principiou o meu compromiso social, humano, cristián.

Púxenme a pensar cal era a miña misión entre eles, e tomei concinca. Despois consultei cos de arriba e cos de abaixo. As conclusións que saquei foron: tiña que facer entre eles de cura, para iso estaba ordenado; de veciño, porque a miña casa estaba na mesma aldea que a deles; de animador, porque para iso estudara e tiña o meu prestixio social de clase.

Necesidades habíaas a montóns: os camiños eran congostras intransitábeis; faltaban centros para reunírense, campos para xogar os pequenos; querían pesar o gado e non tiñan onde; nalgunhas parroquias había cooperativas e eles tiñan invexa; querían preparar un pouco os fillos pero non había cartos bastantes; os mesmos templos estaban deteriorados, e os cemiterios abandonados. Tantas cousas que soñaban e que non podían conseguir, segundo eles decían “porque non había unión”.

Coñecidas as necesidades mais gordas, surxiu en min unha ansia mui forte de exudarlles a solucionarlas. E entón comezamos por xuntarnos, cada bairro de veciños, cada comunidade parroquial, segundo as súas necesidades.

Todos opinábamos, pero había que chegar a un acordo común. ¡E qué difícil era! Enfados, riñas, aqueles que non se levan ben, uns que eran mais pobres, outros que se beneficiaban mais, fulano que non sabía onde morrería, citano que decía que se non se unían non levantarían cabeza. Na primeira reunión todos de acordo, na segunda todos enfadados, na terceira faltan tres veciños, na cuarta “non hai nada que facer”, na seguinte “vamos intentar outra vez máis”; outra máis e xa se chegou a algo.

Cuestión de tempo e constancia

Fun vendo que era cuestión de tempo, paciencia, orientación, e sobre todo de estar sempre encima, sen cansarse.

Despois de moitas reunións parroquiais, e de bairros, estudando as máis diversas necesidades e problemas, demos un paso adiante, creo mui importante. Acordamos celebrar conferencias, charlas de orientación; viñeron curas, médicos, veterinarios, mestres, peritos, xente preparada; e nosoutros fomos escoitalos. A base de moito ouvir, de reflexionar un pouco, e de parolar entre nós, fomos vendo con claridade as posíbeis solucións.

Naceron diversas comisións para os distintos problemas; e demos comezo ás actividades de todo tipo. Unha comisión ao concello, outra a Extensión Agraria, aquela visitar un banco, a outra falar con aquel veciño que non deixa facer ou que se opón ou que non quer saber nada.

Tocaban a facer e algo fixemos: o bispado que nos dá uns cartos e nós que tamén botamos o ombro para amañar as igrexas; o ministerio que nos dá teleclubs e nós que os enchemos de actividades culturais, sociais, recreativas, organizativas; Extensión Agraria que aporta subvencións e nós que abrimos pistas a todos os bairros espallados pola xeografía montañesa; as becas que nos chegan e os fillos que mandamos para o estudo.

Muitas cousiñas fomos facendo, pero nós non estábamos satisfeitos, porque a nosa vida, aínda solucionados problemas molestos, non melloraba cousa; era máis o que precisábam.

E entón foi tomando corpo a idea, muitas veces esperada, das Cooperativas. Pero non foi palla o que houbo que desbrozar para chegar á súa constitución: aunar vontades, razonar desconfianzas, quitar temores ao fracaso, non facer caso aos ataques dos “señores”.

Non obstante, sempre a mesma lástima: “se houbese unión...”. Pois a por ela, sexa como sexa, e a ver qué dá de sí. Desta maneira naceron as Cooperativas do Campo, de Consumo; certo que aínda están no principio, pero xa naceron.

Non por ir logrando este resurximento do povo, se olvidaron cousas tradicionais como festas parroquiais, excursións, parolas (reunións folclóricas en casas de veciños)...

Tampouco quedou esquecida a vida relixiosa: a liturxia renovada no que se pudo, como exequias co cura da parroquia, eucaristías un tanto participadas polo menos cos lectores, misas por bairros e polo tanto máis familiares...

Asimesmo, procuramos atender a persoa nas súas sucesivas etapas da vida: semanas culturais para os matrimonios, para os pais de familia; homenaxes aos anciáns, aos nenos, á xuventude; festa da árbore, do teleclub.

Unir a xente

Hoxe que miro desde fora, sinto que un pedazo da miña vida quedou enterrada debaixo de todas aquelas obras materiais; pero tamén me dou conta que esas obras materiais teñen tras de si moitas horas de estar xuntos os veciños facendo proxectos, soñando con unha obra mais que facía falla, muitas aportacións, muito rogar e convencer uns aos outros para irmos todos adiante. Cada unha das obras realizadas é un monumento material a unha determinada unión de barrio, ou de parroquia.

Nunca foi demasiado problema para min a consecución dunha obra material en si, pero si se converteu en case manía na miña vida a ansia de unilos para o que fose; prediquei a unión, e no que puideron susciteina, e fomenteina, e procurei conservala.

Quixenlles e quérolles ben, e a pesar dos meus defeitos sentínme querido, apreciado e respectado por eles. E iso é algo que nunca lles agradeceréi bastante. Depredín muito con eles, foi unha asignatura vivida que encheu a miña vida de rica experiencia.

Algúns interrogantes

Quizá teña que decir algo das actitudes talvez defectuosas que tiveren no meu obrar coa comunidade.

Non cabe dúbida que aproveitei o meu prestixio como crego para convocar reunións nas que se pretendeu estudar unha necesidade que todos sentían, cando ninguén daba o primeiro paso de solución. ¿E isto malo?

Outra actitude que tiveren foi que, unha vez acordada unha cousa, fun un tanto ditador para levala a cabo. Non me daba xenio acordar e non facer, e quizá calquei o acelerador máis da conta. ¿Podía facelo doutra maneira?

E unha terceira actitude foi a de chamar a moitas portas humildemente en demanda de axuda de toda orden, léase pedir en vez de esixir. ¿Qué sería mellor? Non souben facelo doutro modo, e considero que esta non foi a forma mais perfecta; pero, o sabido sabido, se hoxe volvese a empezar, penso que actuaría dunha maneira semellante. Razón: o povo necesita dirección, toda comunidade ten a súa cabeza; o cura debe ser ún máis da comunidade, e os seus valores ha de poñelos ao servizo dos seus en todo. O perigo do caciquismo vese contrarrestado polo servizo desinteresado, se se nota que ún medra ao ver medrar aos demais. Non obstante, este é un xuízo persoal; o povo tamén dá o seu, e pode recollelo sobre todo o meu sucesor na misión sacerdotal.

Para que outro continúe

¿Por qué deixei ese povo, ao que tanto me entregui, e que tanto me ensinou? Unha das razóns foi porque non sabía qué máis facer por el, e pensei que, aunque o meu corazón sangrase, e quizás os corazóns dalgúns dos fregueses, era mellor para todos que outro pastor continuase a obra e a perfeccionase, como así, confío, vai acontecer. E na elevación deste edificio social, humano, cristián, eu sentíreime unha miguiña argamasa soterrada dos cimentos.

Alí deixo (e levo connigo) días de ilusión, noites en vela, ganas de máis, sentido da vida chea, medo de ser tachado con unha desas palabras apabullantes (cacique ou comunistoide), viaxes para aquí e para alí, miles de palabras que intentaban ser convincentes, vivir ao día economicamente, verme só en moitos momentos, e até horas de angustia polos meus tropezos.

Pero en resumo podo decir que foi un pedazo da miña vida en que me sentín útil aos demais, feliz persoalmente; e vin o nacemento do grao tan traballosamente sementado. Do único de que me arrepinto é dos meus pecados cos que fun entrelazando o labor rural dun povo campesino que contaba co seu cura para camiñar para adiante.

Só me queda darlle grazas o noso Señor por esta benazón, así a considero, e á vocación que me deu e que até agora me produciu ansias de servilo a El nos demais; e a ese povo que soubo arrouparme para serlles fermento renovador desde dentro.

(Perdoade por esta confesión que me obrigaron a facer contra a miña vontade, e que resulta tan pobre; pero para min é a propia vida).